

VI Xornadas

Se tomamos en conta que o bebé, ese fráxil ser que nace ha de se civilizar, facerse humano, temos que pensar que a herdanza xenética, o biolóxico, non é causa suficiente desa humanización. Son os lazos familiares, lazos que son simbólicos os que humanizan. E os que ao tempo que nos dan un lugar na familia dannos un lugar no mundo. Lazos que enlazan, ás veces atan e ás veces asfixian, e que en ocasións hai que dalos de novo.

Hai familias alternativas, distintos modos de ser familia, substitutos de familia que nalgunhas circunstancias son necesarios e máis benéficos que a "familia" biolóxica, pero non hai alternativa á familia, á estrutura de familia. Cando un ser humano quere dar conta honestamente de quen é, máis pronto que tarde, falamos da nai e do pai, de "papá" e "mamá", e de aqueles que cumpriron –ou non– esa función.

A familia e a sociedade cambian ¿de que cambio se trata? ¿a función de nai e a función de pai cambian? Ao tempo que a sociedade cambia, a familia cambia e viceversa. ¡Nós tamén cambiamos!

Cumprimos 10 anos, a Asociación ADAFAD cumpre 10 anos. Na primavera de 1996 creábase a Asociación pretendendo sumar esforzos e esta primavera de 2006 é declarada de Utilidade Pública polo Ministerio do Interior.

Esta xornada pretende ser, como as anteriores, unha oportunidade de reflexión e debate cos nosos colegas, os de sempre e os novos; e con todos aqueles que queiran sumarse á conversa. E este 2 de xuño tamén pretende ser unha celebración e unha testemuña de gratitude ós que estiveron con nós estes primeiros dez anos.

Organiza



Asociación de Ayuda a Familiares de Drogodependientes

DECLARADA DE UTILIDADE PÚBLICA POLO MINISTERIO DO INTERIOR
C/ Rosalía de Castro 13 - 1º Dcha 15004 A Coruña Telf / Fax 981 22 69 26
adafad@adafad.org www.adafad.org

Colabora



Inscripción

www.adafad.org
Tf. 981 226926

CAMBIA A FAMILIA
CAMBIA A SOCIEDADE



02 XUÑO 2006

SALON DE ACTOS FUNDACION PAIDEIA
PLAZA MARIA PITA, 17 A CORUNA

VI Xornadas 

